



Sección Sindical Psa-Peugeot-Citroen

# REUNIÓN

DIRECCIÓN-REP. COMITÉ 01/07/09

No día de hoxe unha representación do Comité de Empresa foi convocada pola Dirección, onde se nos facilitou a seguinte información:

Pendente de confirmar co Comité industrial do Grupo e do cal se fará unha reunión específica ó respecto a próxima semana co Comité de Empresa.

Previsión de produción para os próximos meses cun aumento de 18000 vehículos.

## Agosto:

Para o sistema I a cadencia segue a ser de 45 veh/h. A quenda da noite terá unha apertura máxima, isto é, 7 horas de luns a venres. Haberá 2 sábados de velada voluntaria para recuperación de 8h. os días 22 e 29.

Para o sistema II a cadencia de 47 veh/h. e os sábados 22 e 29 de 9 horas de velada voluntaria.

## Setembro:

Sistema I, traballará os sábados de velada voluntaria os días: 5 e 12.

Sistema II, aumento da cadencia a 53 veh/h. e velada voluntaria de 9 horas os sábados: 5, 12, 19, 26 de setembro e 3 de outubro.

Sobre a velada (até as 24 horas) que se está a levar a cabo durante a semana de luns a xoves no sistema II, coméntannos que para o mes de xullo, antes das vacacións, haberá que buscar máis fórmulas de flexibilidade para afrontar estes repuntes de produción.

*Na C.I.G témolo claro. Alegrámonos deste aumento de produción, pero ó que non estamos dispostos é a seguir flexibilizando as condicións laborais dos traballadores/as, e moito menos ó alongamento diario da xornada. No seu momento apresuráronse a facer modificacións coa eliminación da quenda de noite e polo tanto diminución da contratación. Chegouse a falar da utilización da cláusula de variabilidade e agora en apenas uns meses non nos chegan as horas do día para poder facer a produción.*

*Contratación si... Quenda de noite para o Sistema II tamén... Máis flexibilización... NON.*

Por outra banda, a Dirección comunícanos que o Expediente de Regulación de Emprego (ERE), presentado hai uns días *-polo cal se van regular as próximas baixas no colectivo de persoal horario-* foi aprobado pola administración.

## Confederación Intersindical Galega